

PROGRAMACIÓN 3B (ESFARRAPADA)

A miña programación vai dirixida a un grupo de 17 alumnos de 3 anos de idade, 6 nenas e 11 nenos. Para a elaboración da miña programación baséome no D. 330/2009, de 29 de decembro.

Neste primeiro curso do segundo ciclo de Educación Infantil realizarei un período de adaptación de xeito que o alumnado do aula irá aumentando progresivamente o tempo de estancia na escola dende o 9 ata o 21 de setembro tal e como se recolle na Orde 19 de maio de 2021 na que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022. A partir desta data o alumnado do aula fará o horario lectivo marcado polo centro.

1. OBXECTIVOS

Dado que os obxectivos didácticos serán especificados de xeito puntual segundo as diferentes Unidades Didácticas desenvolvidas no PAT, vou facer referencia ós obxectivos xerais a traballar durante o curso escolar:

- Coñece-lo seu propio corpo, os dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explora-lo seu contorno familiar, social e natural.
- Adquirir unha progresiva autonomía nas súas actividades habituais.
- Relacionarse cos demais e aprende-las pautas elementais da convivencia e da relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolve-las súas habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión: oral, escrita, musical, plástica, corporal, informáticas.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura, no movemento, xesto e ritmo como medio de comunicación, expresión, información e gozo.

2. METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar na miña aula non é unha metodoloxía cerrada xa que é perfectamente modificable en calquera momento e situación, tendo

en conta este aspecto non utilizarei libros de texto de editoriais xa que non se axustan aos obxectivos que pretendo conseguir co meu alumnado.

O que pretendo para este curso 2021/2022 é potenciar hábitos de autonomía xa que o tratarse de nenos/as tan pequenos este será un aspecto fundamental a traballar con eles/as. Potenciarei a comunicación verbal e non verbal nas distintas actividades fomentando a socialización do grupo.

Outro aspecto a destacar na miña metodoloxía e o coñecemento do que os rodea dotando aos meus alumnos de experiencias que se atopan no entorno a través de xogos e experimentos xa que teñen unha gran importancia na etapa de Educación Infantil. Tendo isto en conta tamén centraremos moitos dos aprendizaxes no que sucede no seu entorno tanto no mais próximo coma no que afecta a sociedade potenciando valores humanos nos nenos/as da miña aula e que sintan empatía cas demais persoas do mundo. Traballaremos no aula sobre o proxecto de cento “Caselín dá a volta ao mundo” Tamén podo destacar a importancia das tecnoloxías dixitais que utilizaremos coma soporte para as distintas actividades.

Cabe destacar na miña programación a participación das familias xa que son un punto de gran importancia na educación dos nenos/as.

ORGANIZACIÓN ESPACIO-TEMPORAL E AGRUPAMENTOS

A aula estará organizada en recunchos nos que as nenas/os realizarán actividades diversas e variadas, a súa utilización será individual debido a situación covid actual. Disporei ademais dunha zona de mesas e cadeiras para cada un dos catro grupos de convivencia estable.

Os tempos de uso das distintas zonas do aula estarán marcados polas necesidades educativas de cada día.

RECURSOS

MATERIAIS: Estruturado, funxible, de refugallo e recuperado do entorno, material para psicomotricidade, aparato de música, mascotas e libros e contos.

PERSOAIS: Os especialistas, as familias e membros da comunidade e entorno.

3. ACTIVIDADES

As actividades a levar a cabo no meu aula serán as que aos nenos/as lles resulte mais motivadoras e de maior importancia segundo o tema a

traballar e ao resultado que pretenda conseguir con eles por iso terán cabida unha gran variedade de momentos e ritmos ao longo de cada mañá. Estas actividades terán coma obxectivo mellorar tanto a nivel educativo coma grupal e individual.

4. AVALIACIÓN

A avaliación constitúe un elemento clave dentro do proceso de ensino-aprendizaxe, será global, continua e formativa. Levareina a cabo dende unha dobre perspectiva: avaliando os procesos de aprendizaxe por parte das/dos alumnas/os e avaliando a miña propia práctica docente.

A avaliación a realizarei en tres momentos principais: inicial, continua e final. O procedemento fundamental será a observación directa e sistemática. Por outro lado as nais e pais teñen un papel fundamental no proceso de avaliación, xa que complementan as observacións realizadas na escola coas efectuadas na casa, obtendo así unha visión máis obxectiva e completa da nena ou neno.

Para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada neno/a tomarei como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas.

5. ALTERNATIVA A RELIXIÓN

Para o traballo de alternativa valereime de contos e libros que están ao meu alcance onde os nenos serán os encargados de manipular os materiais que a zona nos ofrece co fin de que interioricen a importancia tanto física coma intelectual que un libro nos ofrece

6. PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA EN ESCENARIOS DIFERENTES AO PRESENCIAL

No referido á atención educativa do alumnado da aula de 3 anos A escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA. "PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS."